

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o xoves, 20 de decembro de 2012, ás DOCE E TRINTA HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 23/12, do 5 de decembro.

Asesoría Xurídica

2.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 12/11/2012, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 273/2012, interposto por don Amador Jove Villares, sobre responsabilidade patrimonial.

3.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número dous dos da Coruña, do 07/11/2012, recaída no PA 98/2012, interposto por don Francisco José Fernández Sánchez, sobre responsabilidade patrimonial.

4.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 23/11/2012, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 257/2012, interposto por Reale Seguros Generales, SA, sobre responsabilidade patrimonial.

5.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número catro dos da Coruña, do 20/11/2012, recaída no PA 139/2012, interposto por don José Manuel Míguez Neo, sobre responsabilidade patrimonial.

6.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 09/11/2012, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PO 267/2012, interposto por Imaga Proyectos y Construcciones, SA, sobre resolución de contrato.

7.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 09/11/2012, 2012, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no recurso PA 247/2012, interposto pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, sobre tributos.

8.-Toma de coñecemento da sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de suplicación 0004671/2009, seguido a pedimento de dona María del Carmen Leal García, contra sentenza do 20/03/2009, ditada polo Xulgado do Social número un dos de Ferrol, recaída nos autos nº 28/2009, sobre modificación substancial das condicións de traballo.

9.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 03/12/2012, 2012, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no procedemento concursal nº 306/2012, que se tramita á entidade Amysais, SL.

10.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 03/12/2012, 2012, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no procedemento concursal nº 455/2012, que se tramita á entidade Gestión y Urbanismo del Norte, SLU.

Asistencia Técnica aos Concellos

11.-Aprobación do informe relativo ao “Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal”.

ROGOS E PREGUNTAS